



MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS

As empresas turísticas que ofrecen actividades na natureza teñen un papel importante na protección e conservación do medio ambiente e, polo tanto, deberán desenvolverse nas condicións máis axeitadas.

A continuación, indicamos algunhas **BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS** para garantir que a actividade se realice de xeito responsable e sostible, preservando a contorna natural, contribuindo á súa conservación, minimizando o impacto negativo nos ecosistemas e asegurando que é compatible cos obxectivos de conservación do espazo protexido no que teñen lugar, promovendo entre os clientes actitudes favorables á súa preservación.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

1. Cumprir coas regulacións e normativas:

- Informarse e asegurarse sobre as regulacións específicas e os permisos requiridos para realizar a actividade, especialmente nun espazo protexido
- Contar con todos os permisos necesarios e cumprir coas normas establecidas polas autoridades locais

2. Planificación dos roteiros e actividades:

- Diseñar os roteiros e actividades de maneira que minimicen o impacto en ecosistemas fráxiles:
- Evitar áreas sensibles, hábitats críticos e especies en perigo de extinción
- Manter un equilibrio entre a experiencia do cliente e a conservación da contorna natural

3. Educación ambiental e sensibilización entre os clientes e traballadores:

- Proporcionar información aos teus clientes sobre a importancia de protexer o medio ambiente
- Fomentar o respecto pola natureza e promover prácticas sostibles:
 - Non tirar lixos, e deixar a zona máis limpa do que estaba
 - Nunca tirar cabichas
 - Normas de comportamento nun espazo protexido

- Non saírse dos carreiros
- Non facer ruídos elevados
- Respetar o paso dos animais. Eles teñen prioridade
- As fotografías realizáranse desde o carreiro ou zonas habilitadas para iso
- Non molestar nin achegarse aos animais salvaxes nin domésticos
- Crear materiais informativos que destaquen as prácticas sostibles e a importancia de coidar o medio ambiente
- Ofrecer charlas ou talleres sobre temas ambientais para que os clientes poidan aprender máis sobre a sustentabilidade
- Involucrar ao persoal na adopción e promoción de prácticas sostibles

4. Fomentar a conservación da biodiversidade:

- Informar os teus clientes sobre a importancia da conservación da flora e fauna local e como poden contribuír a iso durante as actividades
- Destacar as ameazas que afrontan as especies e como poden axudar a protexelas
- Promover a participación en proxectos de conservación ou doar unha parte das túas ganancias para apoiar iniciativas locais

5. Respetar a flora e fauna:

- Explicar e lembrar aos clientes normas de comportamento para non perturbar o medio natural nin danar a flora e fauna local
- Promover a observación responsable de animais e evitar o achegamento ou a alimentación dos mesmos
- Evitar a recolección de flora do lugar. Non arrincar plantas nin coller animais para o seu estudo

6. Xestión de residuos:

- Fomentar unha política de "non deixar rastro" entre os teus clientes e traballadores promover a redución, reutilización e reciclaxe:
- Levar consigo os seus residuos e lixo
- Proporcionar contedores e/o bolsas adecuadas para a separación de residuos
- Incentivar aos clientes a non utilizar envases dun só uso nin plástico
- Se é posible, organizar actividades de limpeza para recoller lixo en carreiros e áreas naturais

7. Promoción de transporte sostible:

- Animar aos clientes para utilizar medios de transporte sostibles para chegar ás actividades, como o transporte público ou compartido
- Se é posible, ofrece opcións de transporte ecoamigables para as actividades, como bicicletas ou vehículos eléctricos

8. Vixilancia e avaliación:

- Realizar un seguimento regular do impacto ambiental das túas actividades
- Avaliar continuamente as túas prácticas e utilizando esta información para mellorar a planificación das túas operacións e reducir a túa pegada ambiental

9. Uso responsable dos recursos naturais:

- Fomentar o uso eficiente dos recursos naturais como auga e enerxía

10. Denunciar calquera delito ecolóxico:

- Caza furtiva, envelenamento de animais, contaminación de chans e augas etc.

DURANTE AS ACTIVIDADES

Sempre se tentará minimizar o impacto da actividade e o noso paso. A educación e a conciencia ambiental son fundamentais. Ao promover prácticas sostibles e respectuosas coa contorna natural, as empresas actividades turísticas na natureza contribuíndo directamente a preservar os espazos protexidos que se visitan, principal recurso e atractivo para as actividades de ecoturismo.

DESPERDICIOS

NON DEIXAR RASTRO. Isto implica levar consigo todo o que o cliente traia. Tirar residuos e restos de comida ao campo provoca diversos impactos negativos:

- Tardan moito en descompoñerse e poden danar a vexetación, a fauna e os ecosistemas
- Poden atraer a animais e aves silvestres, o que altera o seu comportamento natural
- Poden atraer pragas e organismos non desexados, como ratas, insectos ou aves carroñeras
- Afecta negativamente a beleza natural da contorna

RECOLLIDA DE LIXO

É recomendable levar unha ou varias bolsas para recoller os desperdicios que se atopen no campo.

CARREIROS SINALIZADOS

É importante camiñar sen saírse das pistas ou carreiros sinalizados e non desviarse nin crear camiños novos, xa que isto pode perturbar a contorna e afectar negativamente a conservación e a experiencia doutros visitantes. Os carreiros están deseñados para:

- Evitar danar a vexetación, erosionar o chan e perturbar os hábitats sensibles
- Garantir a seguridade dos visitantes
- Respetar os límites de propiedade privada e evitar entrar en áreas onde non se ten permiso
- Facilitar a orientación durante a actividade ao aire libre

OBSERVACIÓN DE FAUNA SALVAXE

Cando se trata da observación de fauna salvaxe, é fundamental seguir unhas normas mínimas de comportamento para garantir a seguridade e o benestar dos animais, así como para minimizar o impacto humano na súa contorna:

- Manter unha distancia adecuada, segura e respectuosa dos animais, utilizando binoculares, telescopios ou outros equipos de observación
- Respetar as zonas designadas que establezan os espazos naturais protexidos
- Non alimentar aos animais, pode causar dependencia, alterar o seu comportamento natural e poñer en risco a súa saúde
- Non perseguir nin acurrallar aos animais nun intento de observalos máis preto
- Falar en voz baixa e evitar facer ruídos fortes que poidan asustar aos animais
- Non tocar nin interactuar cos animais, pode causarlles #estrés e interferir no seu comportamento natural
- Respetar os períodos e lugares de reprodución e anidación e non achegarse demasiado, ou non acceder, para permitir que os animais críen e reproducíanse sen interferencias

- Seguir as normas e pautas de comportamento establecidas no manual de boas prácticas para a observación de oso, lobo e lince elaborado polo Goberno de España

CONDUCCIÓN

- Xamais tocar o claxon nin producir aceleróns, non dar refachos luminosos
- Nunca saírse dos límites de camiños trazados e sinalizados
- Non usar as fontes e os ríos como lavadoiros para os vehículos
- Respectar calquera indicacións que se fagan visibles, e atender os avisos que conviden a observar precaucións especiais coa flora, fauna, auga e natureza en xeral

NA OFICINA

USO EFICIENTE DA ENERXÍA

- Utilizar aparellos de baixo consumo (lámpadas, computadores, electrodomésticos)
- Apagar as luces das distintas estancias cando se vaian a ausentar máis de 10 minutos
- Apagar os equipos cando non se estean utilizando e sempre ao terminar a xornada
- Usar a calefacción e o aire acondicionado, só cando é necesario
- Manter pechadas as xanelas mentres estea en marcha a calefacción e o aire acondicionado

AFORRO DE AUGA

- Evitar lanzar papeis, cabichas e todo tipo de lixo aos inodoros
- Evitar deixar billas abertas de forma innecesaria e malgastar a auga
- Instalar dispositivos de aforro de auga
- Comunicar inmediatamente ao responsable e resólvese o máis rápido posible calquera incidencia que detecte (escapes de auga en cisternas, billas etc.)/ etc.)

AFORRO DE RECURSOS

- Activar o modo “aforro de toner” ao imprimir ou fotocopiar no caso de que exista esa opción
- Imprimir utilizando sempre “branco e negro” sempre que sexa posible
- Utilizar o formato electrónico sempre que sexa posible, antes que os documentos impresos.
- Utilizar a impresión a dobre cara cando se trate dun documento interno
- Reutilizar o papel usado por unha cara para borradores, anotacións e outros usos

XESTIÓN DE RESIDUOS

- Separar os residuos e depositalos nos contedores adecuados papel e cartón, vidro, resto de lixos
 - Levar a punto limpo: pilas, baterías, tóner das impresoras e de fax refugados, fluorescentes, etc. ●
- Utilizar na medida do posible produtos de limpeza ecolóxicos